


MAFIA, amiga

Unha antoloxía de Leite Edicións e amigas.





Mafia

Varías Autoras

Primeira Edición, setembro de 2021

Os textos contidos nesta antoloxía pertencen ás súas autoras. Para utilizalos, poñédevos en contacto con elas directamente ou connosco a través das nosas redes sociais ou no e-mail:

leiteedicions@gmail.com

Índice

Prólogo	5
Helena Salgueiro	14
Lois Alcayde	18
María Caíña	24
Charo Lopes	28
C. Ermitas	30
Arancha Nogueira	33
Belén Senín	38
Jorge R. Durán	42
Regina Touceda	47
Tamara Andrés	49
Jorge Moral	51
Pablo Rodríguez	56
Lucia Cernadas	60
Uxía Sánchez García	62
Afra Torrado	65
Carlos Callón	68
Lara Dopazo Ruibal	71

Prólogo

volveremos ao poema

Patrick Loughnane

Ser poeta, independentemente da sociedade ou da situación política, nunca é doado. Os retos aos que se enfrontan as poetas de *Mafia* foron exacerbados polos acontecementos dos últimos anos. De varias maneiras se pode deliñar o impacto de vivir nestes anos turbulentos na obra delas, conectadas por pouco máis que a proximidade das súas datas de nacemento. Nas páxinas desta antoloxía –cun título que alude a individuos que pensan de formas similares ou que defenden os mesmos principios, entre outras moitas interpretacións– as autoras reflexionan sobre as innumerábeis maneiras de enfrontarse á vida, ou de elaborar a arte da poesía.

Presentar voces coñecidas polas lectoras da poesía galega (como Tamara Andrés, Lara Dopazo Ruibal, Carlos Callón, entre outras) con outras editadas pola primeira vez recentemente (Regina Touceda, Belén Senín) ou aínda sen publicar (Uxía Sánchez) é unha boa introdución ao proxecto de Leite. Non queren, nas palabras dunha das súas poetas e fundado-

ras Pablo Rodríguez, “que Leite Edicións sexa tratada como unha editora de Madrid”. Ofrecénnos perspectivas e poesías novas, desde a selección e as palabras das súas autoras até a presentación (física e dixital) das súas obras e proxectos.

Atopei as cores vivas dos seus “fanzines” –unha palabra que uso deliberadamente, xa que consideran que as súas publicacións son máis accesíbeis que as “plaquettes” tradicionais en todos os sentidos– ao final dun andel nunha librería en Compostela hai un par de anos, entre unhas revistas e poemarios de editoriais convencionais. Nin unha, nin a outra: unha cousa en si. Como veño dunha cultura onde o espazo entre o caderno das escritoras e o libro publicado ofrece máis vías de chegar ao público (refírome, sobre todo, á rede de revistas e xornais de cultura ou poesía), foi un descubrimento anhelado. É imposible coñecer toda a poesía dun país mais, sendo un estranxeiro á lingua e a literatura galega, sentín que con esas publicacións coñecía mellor o que está a acontecer na poesía nova e actual.

Por sorte, nótase que as perspectivas destas autoras tampouco están confinadas á literatura escrita en galego. Ao ler entrevistas con algunhas delas, ou ao botar un ollo polos seus perfís en redes sociais, é evidente que continúan unha tradición de mesturar influencias estranxeiras na súa obra. Como tradutor de poesía galega, teño a impresión de que estamos a ver esta conciencia empezar a fluír na outra dirección. Grazas á iniciativa dalgúns individuos –que, como Leite, traballan alén das institucións– hai unha maior diver-

sidade de voces galegas accesibeis a través de revistas, antoloxías e poemarios a nivel internacional.

Unha mostra evidente desta situación ocorre co texto de **Helena Salgueiro** –ofrecido en galego e inglés, nunha tradución feita por ela mesma–; o poema reflexiona sobre o regreso doutro país. Describe como:

*querendo ignorar as cousas que amo
salferidas en hemisferios opostos
querendo desarticularme
facéndome pequena para logo explodir
e chover enriba de moitos sitios a un tempo...
se me deitara naquela terra fría en posición fetal
finxiría estar morta*

para logo centrar a súa mirada no mundo natural. A voz observa que estes impulsos son “*como fan algúns animais para sobrevivir*”, mentres ela só “*agardaría / a que unha man dende arriba / decidise matarme ou perdoarme*”. Entretanto, esa experiencia da incerteza para **Lois Alcayde** parece representada (entre outras cousas) pola figura de “Mrs. Robinson”, contra quen mostra unha especie de rabia. O sistema –“*nesta oportunidade que nos deixas*”– está en cambio, ou descomposición, grazas a ela. Esa falta de certeza non é algo preexistente ou inevitábel; argumenta até que “*creaches para nós as regras e con elas mediches / os cartos*”. Un poema de **María**

Caíña describe este sensación aínda máis directamente, preguntando se:

*será que nos mentiron cando nos falaron
sobre liñas e camiños e unha suposta evolución,
sempre vertical,
sempre ascendente*

Pérdense as certezas, sí, e entre a raiba e o instinto de simplemente sobrevivir, igual o único que queren todas é existir dignamente.

Outra falsidade herdada que Caíña menciona é como nos mentiron “sobre o sabor das mazás que se compran no supermercado.” Sen os recursos das xeracións anteriores, a nostalgia e os pequenos praceres, como a comida, ocupan un espazo importante nesta antoloxía. No poema de **Charo Lopes**, por exemplo- enfrontada a pensamento de ignorar “quando se sabe se chegou o desespero derradeiro?”, a voz poética evoca “comer compota con canela, neste país atlântico” como unha das mellores maneiras de marcar o simple feito de estar viva. Ao mesmo tempo, para **C. Ermitas** a memoria dun sabor pode sobrevivir a aquilo que o provocou inicialmente. “non me gusta a cervexa”, afirma a voz nun poema, “pero sábeme a ti máis eu no revenidas”. O poder do que se inxire así é agri doce, mais non por iso menos significativo, nin potente.

Para **Arancha Nogueira** as memorias tamén se poden gardar no corpo. Argumenta que crecemos co noso tras todos os acontecementos da vida, mentres o que cambia é a nosa maneira de ler ou interpretar as marcas que compilamos, así que é inevitábel que poidan proxectar intimidades. A voz na primeira parte do seu poema describe como:

as feridas son bonitas nas pernas dunha nena

[de tres anos

porque elas son bonitas antes da esixencia

eu fun bonita antes da esixencia

Xa vulnerábel, tapa “as vergoñas” destas marcas, mais tamén unha parte importante de si e a súa historia. No seu terceiro poema, **Belén Senín** volve ocupar o seu corpo de nena, cando experimentaba un desexo de sentirse “*como a miña irmá*” ou “*como as actrices dos filmes*” que “*eran femininas antes de que eu saber o que era iso*”. Ambas poetas mostran como os nosos corpos –que nos conteñen e acompañan durante toda a vida– son unha cousa máis para ser interpretada, ou a configurar á sociedade. Colocan, tamén, a cuestión da propiedade dos corpos lidos de muller nesta cultura que quere ignoralos ou controlalos.

Pola súa parte, **Jorge R. Durán** suxire que o corpo pode ser menos descifrábel grazas á nosa incapacidade para entendelo con palabras, confesando que:

*Tampouco souben nunca
explicar se o positivismo
e os libros de autoaxuda serven para algo
frente a un desaxuste químico*

A repetición de “*Non sei*” ao longo deste texto dá a sensación de que non posúe completamente o seu propio corpo, pero ao mesmo tempo podería ser un intento de aceptar isto. Isto vai en contra da crenza cada vez máis popular de que estas cousas poden (ou deben) entenderse, e pode ser incluso un argumento en favor da poesía; admitir a ignorancia devén case unha forma de poder. **Regina Touceda** mostra unha preocupación semellante nun dos seus poemas, onde intenta recuperar algo de autonomía coa explicación do seu rexeitamento a unha parte do seu corpo. Afirmar que “*se rexeito a posesión / da miña matriz / é porque nela levo o sangue / que nunca chorei*”. Estas poetas, nos seus propios xeitos, así rexeitan a falta de comprensión pola sociedade sobre os corpos.

Aínda que estas miradas cara a dentro dan unhas perspectivas sobre as nosas relacións coa sociedade, a visión doutros poetas cara ao exterior dan a impresión dun final, dun final de algo. Na peza de **Tamara Andrés** experimentase a sensación de estar separado do mundo mentres se avanza. Non é cuestión de ficar atrás, senón de afrontar o esquecemento. É representado nas imaxes duns anciáns –unha camiñando

*“pola beira da estrada”, o outro coa pel “despregada a aso-
lagarse da luz última”*– cuxas existencias están (en moitos
sentidos) nun límite. Esa insinuación é expresada dunha for-
ma máis directa na obra de **Jorge Moral**. A súa perspectiva
crítica argumenta que deberíamos estar afrontando un fin,
e non simplemente unha mudanza. Ve a arte como *“contido
submiso para todos os públicos / baleirado de mensaxe”*, e no
seu outro poema, resume que *“a batalla está / perdida, a res-
posta é o silencio”*. Por súa vez, **Pablo Rodríguez** trae o lector
aos fins (ou extremos) máis literais. Por riba dunha imaxe de
dúas mans –sen se poder tocar? Soltándose?– fala de noites,
dunha vella fábrica, da sensación de conexións perdidas. A
imaxe máis potente chega coa observación de como *“mur-
muran os graffitis da cidade”*. A comunicación reducida a isto,
algo que nin sequera é eficaz.

Para outras poetas, o ámbito natural existe tanto para esca-
par un pouco como para reiterar as preocupacións descritas
anteriormente. Como debemos interpretar a voz dun poema
de **Lucía Cernadas** identificándose cun animal atropelado?
Cando remata coa pregunta *“Canta abulia cabe nun corpo que
ignoro?”* pode ser a súa tanto como o da animal morto. Máis
que algo para protexernos ou sobre o cal reflectirnos, a natu-
raleza nos poemas de **Uxía Sánchez** representa un posíbel
regreso. Observando os movementos dos humanos como *“a
violencia da carne”* na roupa (branca) lavada por unhas mu-
lles, quere voltar- mais non ao estilo de vida delas. Explica
que: *“decidín quedar para sempre”* nesas augas, e deixarse
estar até que *“o transcurso do río”* devaste *“o meu corpo”*. A

resistencia contra o mundo natural parece inútil no segundo poema de **Afra Torrado**, onde describe como “*levantamos a casa / sabendo que desaparecerá*”. Entre as posíbel interpretacións do poema que o segue, a frase:

nadamos coma salmóns

unha penitencia polo pecado de habitar

o deserto.

evoca a sensación dunha consecuencia da imposibilidade de convivir co natural (se lembramos tamén o animal morto de Cernadas), ou mellor, como esta loita constante non é malia a sociedade que herdamos e na cal participamos, senón máis ben unha consecuencia dela, algo co que quizais teñamos que tratar en breve.

Outras poetas miran máis alá do contexto actual para abordar o efecto da cultura que herdamos. **Carlos Callón** afirma que “*A Era de Antínoo / non pasa nunca*”, ao contrario de Hadriano cuxo tempo “*xa pasou*”. Así o amado sobrevive ao amante, e os textos sobreviven aos tempos das súas creadoras. Elaborando esta idea, a voz no seu terceiro poema describe un amor que xa rematou en termos dos cambios en como se captaría: “*Se aquilo o vivise un paisaxista do dezanove / poderías comprar o seu postal naquel museu*”. Os métodos poden cambiar, mais o feito de ter escrito esa liña demostra que o impulso de conservar permanece. Tal como podemos ver no monólogo da poema de **Lara Dopazo Ruibal**, diante

do fresco na Tumba do Mergullador, cando a voz se pregunta “*Como descifrar o significado dunha escena que xa non existe?*”. Aquí o lector non sabe se fala da obra ou a relación (terminada?) que impulsa o texto. Coa admisión de que:

Se o penso ben, os nosos corpos precipitándose

[ao baleiro son igual de

enigmáticos que

o do nadador de Paestum, igual de sensuais.

ela reconece como a arte serve para preservar as experiencias. Así, o descrito pode seguir sendo relevante moito despois do momento da inspiración – sexa dun amor, un animal morto, os nosos corpos, a comida, ou a nosa propia sociedade–.

Na segunda parte do seu poema Arancha Nogueira retírase dunha situación incómoda, unha situación real, e escribe que “*volveremos ao poema*”. Pódese entender este verso como unha mostra de como a poesía ofrece un espazo para refuxiarse, para alongarnos dos acontecementos ao noso redor. E do mesmo xeito que as situacións evolucionan constantemente, tamén cambia a poesía. Non me refiro aos seus estilos, aos seus temas, etc. mais cada vez que volvemos a ela é distinta. As impresións neste texto non son nada máis que unha das múltiples maneiras en que se pode ler este antoloxía, neste momento. As poetas de *Mafia* volven ao poema para comprender as súas experiencias, mais tamén nos ofrecen como lectoras unha maneira de entender as nosas.

Helena Salgueiro

Retornada

se me deitase nesta terra fría
en posición fetal
querendo curarme da gravidade desta codia
querendo cegarme de todas
as súas bifurcacións
de todas as súas enrugas
querendo ignorar as cousas que amo
salferidas en hemisferios opostos
querendo desarticularme
facéndome pequena para logo explodir
e chover enriba de moitos sitios a un tempo...
se me deitara naquela terra fría
en posición fetal
finxiría estar morta
como fan algúns animais para sobrevivir
tentaría facer bífida a linguaxe
e atopar o que realmente significa
na tradución do beizo, no intersticio.

se me deitara nesta terra fría para sempre
non me movería
non tería que dar ningún paso
nin tomar ningunha decisión
separarme do eu
simplemente agardaría
a que unha man dende arriba
decidise matarme ou perdoarme.

if I laid down on this cold earth
in a foetal position
wanting to heal from the gravity of the globe
wanting to blind myself from all
its bifurcations
all its wrinkles
wanting to ignore all the things I love
scattered on opposite hemispheres
wanting to break away from myself
becoming very little and later on exploding
and raining over several places at the same time...
if I laid down on that cold earth
in a foetal position
I'd pretend to be dead
as certain animals do to survive
I'd try to make language bifid
and find what I really mean
in the translation of the lip, in the interstice.

if I laid down on this cold earth forever
I wouldn't move
I wouldn't have to take any steps
I wouldn't have to make any decisions
to separate myself from the self
I'd simply wait
for a hand from above
to decide whether to kill me or to forgive me.

Lois Alcayde

Esquela

Deixáronnos un lugar para o espectáculo. Houbo risas,
alegría e pratos con moita comida na mesa.

Deixáronnos esta festa, terra cuberta, plástico e o feito de
apalpármonos e non rozármonos o tecido.

Quedamos con esta celebración, coméndoa,
metendo os dedos
na lingua e no padal. Todo o que non gañamos despois neste
ronsel
de promesas.

Criamos estar devorando luces.

Obituario

Onde fuches, Señora Robinson?

Puxeches brea verde nos ollos.

Onde quedou a hipoteca?

O préstamo, as matrículas, a festa, as mans de veludo
desfixéronse no mercado á baixa

e que duro é, Señora Robinson.

Continúas a pasear pola alameda de man en man retendo os
oídos,

perdendo a carne cun xeadó.

Romperás todos os chans de cristal.

Renegaches das votacións e das mans e dos puños, Señora
Robinson.

O mundo xa non é como era.

Ai.

Todo o que foi cóllelo agora e non logras arrexuntar os dedos
para que non escape, Señora Robinson.

Non quixemos estragar a festa,

[pero estampácheste contra todos os teitos
dos que renegaches o nome.

Mira arriba. Vas levar unha sorpresa, das de

[teléfono fixo e un dial vello, como nunha película.

As formas deste mundo xa non queren

[ser tiradas polas túas cordas,
perdes forza, Señora Robinson,

[e agárraste ao pasado do seu colo,
como se fose unha rapa e tiveses unha besta.

Procuras unha vitoria e es conquistadora,

[a cidade é para ti unha colonia
constante. Es gañadora sempre e deixarás para bicar os teus pés.
Como é iso de ver esmorecer as flores das catedrais?

[Todo o que para ti
significou o fermoso e o quedo.

Es inamovible na túa rotación de desexos e culpas a grolos,

[Señora Robinson.

Como é tentar agarrar as mans que deixaras caer?
Co teu cetro puidiches bater en todas as cabezas.

Nunca perdiches a partida e creaches para nós as regras e
[con elas mediches
os cartos, o útil e fixeches do inútil cuspe teu.
Como se gostases de duplicar e multiplicar os sitios tristes.
Cuspe de todas as bocas, iso é algo útil.

Ti poderías mercar con ese lume un depósito de beneficios
[e botalo polos aires.
Así, por paixón.

Somos fortes coma castelos, nós da túa man, amiga,
mais segues tentándote invadir.

Tragamos contigo este outro grolo das luces e da troula.
Como mancou aquel portal a escuras, Señora Robinson,
cando as películas se adiababan nos rolos do pelo
e a colección de rochas nas praias.

Canta xente baixou a cabeza no teu lume?
Abrícheste a que devorasen o teu naufraxio repartido.

Renegaches do ceo e fixeches ben, Señora Robinson.
Iso é tamén liberdade e nós queremos ser libres
tamén contigo. Que ben senta ter amor e pedras
[e non palabras. Posuír algo que semelle terra.

Non desexarás outra cousa que aquilo que
[medidas da lingua para
adentro. Tes nos beizos rastrexos e toxos, flores na xerra, todo
o que quixeras tivo beleza e mancaba.

Segues fitando toda a cidade?
Gostas dese lugar na fronteira porque sempre atrasa a vitoria
e a conquista para o día seguinte, esa oportunidade.
O manxar lento procura mellor sensación, Señora Robinson.

O teu cadro favorito foi sempre o dos xeonllos, os cabaleiros,
[as damas,
as chaves, A Rendición de Breda,

a rendición incondicional da Humanidade nun lenzo,

Señora Robinson. Convertiches os deuses en pósters.

E nós, contigo,
nesta oportunidade que nos deixas

oramos por ti, Señora Robinson.

María Caíña

CUARTO. LUZ ARTIFICIAL.

[pola mañá cedo]

[relativamente cedo]

acordar: acto inconsciente

Pouco tempo de taquicardia,
de susto,
de ouvir a puta melodía que parece que a compuxo o demo
para incomodarnos.
Pouco tempo é tempo suficiente.

A fame morde forte cando esperta,
aperta os dentes sen remorsos,
sen escrúpulos, sen paciencia.
O individuo non entende o apuro, mais entende a fame,
entende a sede,
entende o instinto primario,
entende o sangue a facer carreiras polo seu corpo,
quentando a pel.

Abre a xanela que o cuarto cheira a noite
moi curta
e vaite lavar.
Abre a porta e deixa que o vento percorra
a casa toda.

Domingo pola mañá e todas as tendas están pechadas.
O individuo soporta a fame,
mais non as ganas de comer.
Disque xa hai unha nova versión do produto á venda.
Por iso o individuo anda tan perdido un domingo pola mañá,
morto polo aburrimiento,

devorado pola fame irreal
do instinto posuidor.

Pouco tempo de repouso.
Moi pouco.
Porque a calma e a introspección hai tempo que foron
devoradas
pola obsolescencia.

acordar: acto conscientemente programado para as
sete menos dez
desexa pospoñer dez minutos máis a taquicardia?

COCIÑA. LUZ NATURAL

[13:30h]

Se o tempo é unha liña,
non o sei,
será que son eu o bucle.
Será que a inercia me persegue,
non o sei,
no tempo e na rúa
neste café sen espuma
neste movemento circular
da culler.

Se o tempo é unha liña,
non o sei,
será que nos mentiron cando nos falaron
sobre liñas e camiños e unha suposta evolución,
sempre vertical,
sempre ascendente,
e sobre o sabor das mazás que se compran no supermerca-
do.

E mellor será que non me fales
dos tomates.

OUTRO LUGAR. NOITE

A noite é sempre consecuencia.

Charo Lopes

Se acabasse o mundo agora abraçaria a primeira pessoa

[que se cruzasse comigo

e nesse momento já a amaria e saberia que o melhor é

[morrer abraçada a outro corpo, como fazem as formigas.

Depois penso: quando se sabe se chegou o desespero derradeiro?

[já que eu nunca vi cair bombas de fragmentação

e igualmente me apetece abraçar pessoas que me cruzo e imagino

[que se fosse esse o momento seriam o último amor.

Ou talvez abraçaria outra pensando que és tu?

Somos as pessoas bastante iguais para sermos diferentes.

Abraço-te para ti, ou para mim mesma? Ou omnia sunt communia,

[também o amor.

Digo amor e fechas os olhos um pouco

[e vou falando mais baixinho, estando no abraço

penso como o ar que é invisível mas real entra no teu corpo

[e penetra no teu sangue por caminhos finíssimos

e a bomba que tens detrás das costelas golpeia
e talvez se sincronizasse com a minha
dous corpos vivos nesta cela.

Já que coincidimos com vida e sangue e com bombas no tórax
golpeando bastante forte
podemos permitir-nos relaxar a mandíbula e abrir os olhos
[debaixo da água
comer compota com canela, neste país atlântico.

Que o mar nos acolha e tenhamos frio e não importe
que a colmeia esteja feliz e sejamos suficientemente livres
para fazermos um círculo e defendermo-lo
e que o nosso riso não moleste ninguém.

C. Ermitas

un sorriso
unha chaqueta de coiro
e a música dunha rave

este poema
podería perfectamente
levar o noso nome

[pero o noso nome xa non existe]

non me gusta a cervexa

pero sábeme a ti máis eu no revenidas

non me gusta nada a cervexa

pero soamente por hoxe

quero poder bicarche outra vez

boto en falta aquela habitación
a calor do fume mentolado
e todas as palabras grandes

[grandísimas]

boto en falta moitas cousas

[demasiadas]

pero agora a habitación
está enchida de silencio
unha quietude cruel

na que ninguén fala xa do importante

[do corazón]

[da identidade]

de nós.

Arancha Nogueira

xogar ás mariquitas

I

coñezo a espuma

como recoñezo todas as cousas que fican despois dos impactos

coñezo

como coñezo as catapultas

e os corazóns dos animais anfibios

a certeza

eu tamén caín

fixen dano nos xeonllos

non houbo aloe vera que cicatrizase nada

e agora esgoto os pantis negros para que me tapen as vergoñas

ti miraches para eles

sorriches coa palma dunha man

sinaláchesme a ferida
estabas dicíndome, mudo,
algo
como

non vou dicilo, pero nótase

tes cicatrices nos xeonllos

as feridas son bonitas nas pernas dunha nena de tres anos
porque elas son bonitas antes da esixencia
eu fun bonita antes da esixencia

despois aprendín o perdón

o perdón e os pantis

non vou dicilo, pero nótase

tes cicatrices nos xeonllos

faláchesme coa túa man como un favor
e eu agradecín cada molécula de auga
como se tivese que afondar na culpa desta respiración bran-
quial
cando marchaches, tapaba as pernas co edredón da cama

sei que mirabas os xeonllos

e por iso coñezo os escalpelos
e como cae unha pedra

(non fai falla esta biopsia

hai certeza

tes cicatrices nos xeonllos

coñezo a espuma)

II

descubrinche o que había no fondo do caixón

houbo algo demasiado fráxil nesa cerimonia
demasiado incómodo

pero era responsábel do caixón pechado
como fuches ti de atravesar a porta
e premer o botón do ascensor
como querendo dicir que recordabas o meu piso
e non que é algo que adquiriches por rutina
como se recordan detallliños de avenidas residenciais idénticas
por algún xeito de orientación supervivente

pero volveremos ao poema
porque o ritual non comprende o excesivo

ti atravesaches a porta
e eu descubrinche o fondo do caixón

non hai límite para esta descuberta
non hai custe cando entramos nun segredo

descubrinche o fondo do caixón

agora dime:

que fago eu con estas bragas?

Belén Senín

catro esquiniñas
e dous anxos sobre o cabeceiro

se me concentro
aínda podo cheirar o azul bebé das paredes
algo así como gardenias e nenuco
algunhas notas do perfume de mamá
e todo o sol que entraba pola fiestra

pensaba que era posible levar toda esa cor comigo
pero a luz lavou o recordo
como sabas no verán

xa só quedan catro paredes
cada día máis brancas
e as bolsiñas de lavanda seca no fondo do armario

non tiña ningún vestido negro

el morrera

e eu non tiña ningún vestido negro

tiven que ir con roupa prestada

como cando herdás os xerseis vellos da irmá maior

e chorino sentíndome impostora

disfrazada cun loito alleo

camuflándome na primeira fila da igrexa

entre o resto de mulleres cos seus vestidos negros

e abrigos negros

e zapatos negros de tacón baixo

que non lle pediron a ninguén

porque para elas

o ritual

non era nada novo

aproveitaba calquera ocasión para pintar os beizos

coábame no baño de mamá

e probaba fronte ao espello a cor favorita

quería sentirme

como a miña irmá antes de ir de festa

como as actrices dos filmes

que manchaban a copa de carmín

e eran sensuais antes de eu saber o que era ser sensual

e eran femininas antes de eu saber o que era iso

pintaba os beizos coma elas

e críame forte sexy intimidante

unha monica bellucci

cigarro na boca

centos de chisqueiros ofrecéndose

pensaba que iso era o poder
ata que coñecín a aquela
que vestiu toda de vermello
e fixo dun cine cheo de nazis
unha grandísima barricada

entón entendino
xusto aí
no intre preciso no que saltou a primeira chispa
o primeiro incendio

Jorge R. Durán

Asimetría da ferruxe

De boca a boca
unha zona de converxencia polar
unha pausa —
O solpor estendido
 entre Illas

De acordo co principio de Arquímedes
un corpo mergullado recibe un impulso
de abaixo arriba
equivalente ao peso do volume do fluído que desaloxa

ata rematar
afundido
por completo

Aplicado a unha cunca de té
isto explica como aparecen os pousos nas mesas
marcando un albo por desbordamento
 por exceso de azucre

unha distancia diametral entre latitudes

Agardo perigosamente
no canto da beirarrúa
co reloxo xirado cara ao pulso

A mil douscentos quilómetros

sinto
dúas moléculas de osíxeno
atravesando o meu peito
enferruxando
os restos dun naufraxio
arrastrados pola corrente

Ultra(son)

A sombra do meu corpo contra o fondo
semella un cianotipo
unha forma xeométrica
nun cosmos diluído en azulexos

Non se escoitan berros
baixo a auga
só cantos de serea
sobre a necesidade de respirar unha realidade
alternativa

Cada martes pola tarde na piscina
son só nun corpo varado
e reflectido no ceo
emitindo ondas mecánicas

Como non poñer a mente en branco

Confeso

que nunca rompín un óso

Non sei o que se sente

levando un brazo en estribeira

unha perna en alto

unha escaiola asinada

Confeso tamén

que non me sei enfadar

que xamais entendín

a obsesión científica

por saber se os cans soñan a cor

ou en tonalidades de gris

Tampouco souben nunca

explicar se o positivismo

e os libros de autoaxuda serven para algo

fronte a un desaxuste químico

Non sei se querer perderlle o pánico
a pechar os ollos ou a non saber como
rematar unha frase
é un bo obxectivo na vida

a min
que non me pregunten
porque aínda
non
sei
nada

Textos contidos en
COSMO(a)GONÍA (Edicións Fetiche, 2021)

Regina Touceda

ti soportas as flores dos camiños
e fas de casa de acollida

o teu cranio é berce de peixes exóticos
e unha marca no medio do óso
determina a túa orixe

dis:

“na miña terra
os rituais teñen nome de paxaro”

e é certo
aquí tamén pesan pero voan

o instinto
lévame cara á ferida das cousas

un ferro branco que traspasa
a espiña

se rexeito a posesión
da miña matriz
é porque nela levo o sangue
que nunca chorei

(publicado en *deriva*, XXXII Premio Nacional de
Poesía Xosemaría Pérez Parallé)

Tamara Andrés

a espigreira da lingua das aves dirixese cara á casa-
territorio / a vexetación que espreita o auto remíttelle á
pleura / mesmo se nada sabe ela da membrana / pero

intúe o tacto / a súa viscosidade / a grande lingua da
cadela sobre / os cachorriños : se cheiror // unha anciá

caniña pola beira
to na mar, a forma
cabelos tímidos,
parietal, e a epi-
das aves pensa
diante da capela,
día porta unha
retora a roupa



da estrada casa-
é octogonal, os
exesos na parte
geira da lingua
no azul, escuro //
o paisano que cada
espiga xigante
de flanela,

gorro nórdico, tamen quere formar parte da observación //
ao chegar á casa-territorio / a espigreira da lingua de
esponxa agarda fomenta sobre o tellado / a pel despreza-
da a asolagarse da luz última // a benchegada destren-
za os cabelos / ascende.

Jorge Moral

Homo aeconomicus

Apolo axeonllado ante Pluto:
a arte subordínase aos cartos, nunha

secuencia indolora, interiorizada, ibuprofénica:
produce – vende – relativiza

reduce á mínima expresión o espazo de protesta,
adica o máximo tempo á reivindicación do amable,

contido submiso para todos os públicos
baleirado de mensaxe, enchidos os petos

pon en relación teito e comida con valores e ideas,
domestica o que naceu para se rebelar

pinta para, debuxa se, escribe cando, crea por
abandona a autonomía do ser

afástate das vontades artísticas propias en prol
de asinar propaganda en nome do seguinte na lista de mando

esquece que industria cultural
ten só sentido como oxímoro

repíte comigo:
menos de tres contradicións é dogmatismo

análise social en tres actos

- i Tese: seica a máis sensata das opcións é a alternativa máis irracional - a batalla está perdida, a resposta é o silencio
- ii Antítese: perdemos o relato, pero aínda así esperamos o momento para encher o ruído branco de música
- iii Síntese: hai espazo para soñar;
pero a quen vamos convencer
se a realidade nunca foi tan triste

a sociedade do traballo

a voz da providencia anuncia
nova crise cíclica
coma froita de tempada
-sensación de falsa sorpresa-

resolvemos
que o sistema auto-reprodúcese a través do desastre;
vemos dende o norte que o desarrollo é unha careta,
pero refuxiámonos da chuvia
nos soportais da indiferenza

aló lonxe outros morren coa sede,
mesmo xogo de trilerio de sempre
a globalización arrasa con todo
-cae outro soldado na neve-

atopamos a palabra exacta
a categorización máis exhaustiva:

o capitalismo do shock,


1 (nome, conceito). Sistema económico de banda organizada
que saqueia em base ao desconcerto.

e nós a facer
coma que sempre
é primavera.

Pablo Rodríguez


Son colega
de todas as sombras
dos caminhos.

Chaman por mim
e son cometidos
em silencio
todos os delitos.

The background of the entire image is a blue-tinted photograph showing several hands reaching upwards from the bottom towards the top. The hands are of various skin tones and are positioned in a way that suggests a collective effort or a reaching for something. The text is overlaid on this image.

Carita MAFIA
murmuran
os graffitis
da cidade.

Carita mentira!!
que forma
terrible de violencia!



hai un lugar sagrado
na vella fábrica
porque
levan a ela todos os
camiños.

É onde nos xuntamos.

dan as LIAM
agardando por ti.

Lucia Cernadas

I

Vibrábamos
construíndo unha morada:
melifluo hexágono ocasional
dixestión dos nosos restos.

Prendín fogo na alvariza.
Ebria de fume
vou sonhando
xeometrías.

II

Enfronto esta carne
coa piedade de quen contorna un animal
atropelado.

Evito a procura
entre as mucosas
dun prisma
dunha nitidez
que non me sexa allea.

Canta abulia cabe nun corpo que ignoro?

Uxía Sánchez García

un puñal enorme
que fai límite co peito
ti o arrincache e
agora cobres
esta ferida
cas túas mans limpas
e empápaste do meu sangue

as mulleres recollían a roupa branca
do río
e o vento limpaba a violencia da carne
eu observaba as súas mans
e coma as polas das árbores aloumiñan os seus ollos
ao final do día
bañábame na auga do río
co presentimento
da curación eterna
e decidín quedar para sempre:
o transcurso do río devastará o meu corpo

partir á metade
a terra
e sementar o meu corpo
do que nacen as únicas raíces
que me atan a este lugar
pra facer meses despois
a recollida dos nomes
de todas as bestas que parín

Afra Torrado

A Denís

I

a viaxe comeza
coa busca do pan

segundo domingo de novembro.

a terra promete fame,
mais non convén escoitar, Denís.

pregúntome cando chegarás.
podo agardar un naufraxio,
podo agardar un incendio,
mais non convén agardar nada.

II

a chegada do miñado

anuncia o oasis.

levantamos a casa

sabendo que desaparecerá

pero agora tomamos o sol no xardín.

III

nadamos coma salmóns
unha penitencia polo pecado de habitar
o deserto.
como podemos permitirnos
non transmitirche
a enfermidade da peregrinación?

Carlos Callón

O tempo de Hadriano
xa pasou.

A Era de Antínoo
non pasa nunca.

Un día, só un día, fun sonámbulo.
Acordei acariñando a persiana. Chegou o medo.
Pronuncio agora a palabra agonía
e xusto esa non serve,
pois abrín os ollos na escuridade.

Ti eras o fareiro e eu chegaba á noitiña.
Acórdaste daquela vez en Corrubedo?
Chamarannos cursis se o contarmos.
Se aquilo o vivise un paisaxista do dezanove
poderías comprar o seu postal naquel museu.
Máis que un locus amoenus
era unha cicloxénese
cando me collías e me fuxías
todo a un tempo.
Entón ti eras o fareiro
e eu chegaba desde lonxe
furando a brétema ao meu paso.
Había voyeurs ignorantes.
A ti non che abundaba con seres o refuxio.
Todo foi tan simple,
tan lindo,
tan breve e eterno!

Lara Dopazo Ruibal

El di que me virá visitar e xuntos mergullarémonos no mar.
Eu respondo: a auga aquí é fría. Cres que o resistiremos?
Non tememos o frío. Afástannos un millón de rostros. O meu
mar é xélido, comparado co
seu mar.

Os nosos corpos sepáranse da terra nun salto grácil. O seu
corpo e o meu trazan un
ángulo idéntico ao do nadador de Paestum.
Se o penso ben, os nosos corpos precipitándose ao baleiro
son igual de enigmáticos que
o do nadador de Paestum, igual de sensuais.

Como descifrar o significado dunha escena que xa non existe?
A imaxe do seu corpo e o meu fronte ao mar ten máis que ver
co rostro dun deus ca co

rostro dun abismo. Temos medo, pero temos aínda máis orgullo, por iso nos lanzamos ao mar de inverno.

Nos seus ollos, a beleza dun deus e a atracción do abismo son a mesma cousa, detidos na contemplación do océano.

Míroo e dígolle: cantos corpos cres que se mirarán caír? Cantos corpos cres que devolverá o mar?

A traxectoria do nadador de Paestum deliña a liberdade e o sacrificio. Coas mans, ábrese paso na morte, lánzase ao baleiro con determinación.

Observo a súa silueta con ollos de desexo. A tensión da morte ten que ver coa paixón coa que recordo as ondas bater nas rochas e tragar as praias.

No inverno o meu mar desátase.

Eu son un cabalo desbocado. El é unha ave fugaz. Somos, por definición, imposibles.

A nosa historia só cobra sentido no final: os corpos lanzados contra o mar, inconscientes do abismo. A nosa paixón insensata é o inverno, o encontro fortuíto co frío.

Temos vontade de esquecer que o nadador de Paestum é a cuberta dunha sepultura.

Desde dentro, o noso salto ao mar será a nosa grande obra, o celme da beleza da que
somos capaces.

Desde fóra, só se sentirá un preludio de morte.

O rostro dun deus trázase na traxectoria que debuxa o salto.
Na distancia, os dous corpos
ao unísono confúndense cun só. Ninguén entende a nosa historia porque non hai historia.

Só tratamos de abrírnos paso entre o frío.

O nadador de Paestum agarda do outro lado, na imaxe imposible do abismo. Só el asiste
a unha escena que nunca máis volverá existir.

